A Historia da Literatura Galega 19

A narrativa galega desde 1975



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: La Voz de Galicia y Octo Gráfica
Portada: Toma de posesión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da RAG. Foto: Xosé Castro

Agradecementos: Territorio Cultura e Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1609-2010
ISBN: 978-84-96561-42-7

A narrativa galega desde 1975

La Voz de Galicia

ÍNDICE



Imaxe dos integrantes do grupo Brais Pinto. Foto: Territorio Cultura

INTRODUCIÓN 1

Coa chegada da democracia, a literatura galega empeza o seu camiño cara á normalización, sobre todo a partir da introdución da lingua galega nos plans de estudo do ensino primario e secundario. Aumenta o número de obras publicadas en galego, aparecen novas editoriais e xorden moitos premios literarios, promovidos por institucións públicas e entidades privadas. Quizais o número de lectores vocacionais non creceu na mesma medida, pero o certo é que nunca antes se publicou tanto en galego.

No terreo da narrativa, amplíase considerablemente o abano temático, incorporando

temas de actualidade como o problema do paro, a delincuencia xuvenil, o narcotráfico, a corrupción... Tamén se intenta asimilar o conxunto de novas técnicas narrativas, xa empregadas nos anos cincuenta e sesenta, pero que agora deberían servir para abrir novos camiños á narrativa galega.

Entre os narradores podemos citar, en primeiro lugar, aos de máis idade, con obra máis extensa e de recoñecida valía. Agrupámolos baixo o epígrafe de Primeira Xeración.




Entrega do premio de novela Blanco Amor. O gañador de 2007, Francisco Castro, xunto co membro do xurado Vicente Araguas. Foto: José Pardo

Primeira xeración 2

2.1. Xosé Luís Méndez Ferrín

Proposto, en varias ocasións, pola Asociación de Escritores en Lingua Galega como candidato ao Premio Nobel de Literatura, Méndez Ferrín (Vilanova dos Infantes, 1938), hoxe presidente da Real Academia Galega, é un dos escritores galegos máis recoñecidos dentro e fóra de Galicia. A súa actividade literaria é moi variada, aínda que a súa maior importancia alcánzaa na narrativa e na poesía. En ambas irrompe moi tempranamente, cando é estudante en Santiago (*Voce na néboa*, 1957 e *Percival e outras historias*, 1958), antes de desprazarse a Madrid para cursar a especialidade de Filoloxía,


Méndez Ferrín é presidente da Real Academia Galega desde xaneiro de 2010. Foto: Xoán Carlos Gil

onde acabará fundando, con outro grupo de estudantes galegos (Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, etc.), o grupo Brais Pinto, punto de análise da realidade política, artística e cultural de Galicia. Desde mediados dos sesenta está fincado en Vigo como profesor de Literatura, onde, nos anos sesenta e setenta, exerceu unha intensa actividade cultural e política, ademais de literaria. Neste aspecto hai que destacar *O crepúsculo e as formigas* (1961) e *Arrabalde do Norte* (1964), dúas obras que adoitan encadrarse no que se coñece co nome de Nova Narrativa Galega.

A seguinte obra, *Retorno a Tagen Ata* (1971), inicia unha etapa literaria do autor na que o eixo temá-

tico constitúeo a denuncia social e política da situación en que se atopa Galicia, axuizada desde un punto de vista do nacionalismo radical, e que abarcará ata 1982, ano da publicación de *Amor de Artur*, un libro de relatos en que retoma a temática artúrica. Neses once anos intermedios, Méndez Ferrín publicou *Elipsis e outras sombras* (1974), *Antón e os inocentes* (1980) e *Crónica de nós* (1980), que seguen esa liña de denuncia sociopolítica xa comentada.

Na década dos oitenta publica dúas novelas, *Arnoia, Arnoia* (1985) e *Bretaña, Esmeraldina* (1987), de moi distinto contido, pero de grande aceptación.



Antón e os inocentes segue unha liña de denuncia sociopolítica

O prestixioso Premio Fernández Latorre conta xa



Acto de entrega do Premio Fernández Latorre a Ramón Villares, en 2005. Foto: Xosé Castro / César Quian

→ O presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, foi galardoado en xullo de 2010 co Premio Fernández Latorre na súa 52.ª edición, en recoñecemento á súa fecunda traxectoria literaria e periodística. O galardón, instituído en memoria do fundador do

EDICIÓNS

diario *La Voz de Galicia* e dotado con 10.000 euros, foille outorgado pola súa longa e fecunda traxectoria literaria, que o ten convertido na figura fundamental das letras galegas do último medio século, non só pola súa faceta narrativa e poética, senón tamén pola súa vasta produción periodística e polos seus traballos de investigación e de crítica.

A historia do galardón remóntase xa a hai 52 anos. O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de *La Voz de Galicia* acordou instituír un premio de periodismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan Fernández Latorre. Desde ese mesmo ano, o galardón concedeuse con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional coma estranxeiro. A dotación do premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 euros concedidos na edición do 2003.


Juan Fernández Latorre, fundador de *La Voz de Galicia*, nacido na Coruña o 8 de outubro de 1844, foi un personaxe singular que fixo da liberdade, a democracia e a disciplina os seus ideais, e baixo estes principios fundou en 1882 o xornal. O premio xornalístico que leva o seu nome –o segundo máis antigo de España– representa unha conxugación destes principios.

Desde o primeiro premiado no ano 1960, Miguel González Garcés, a lista de galardoados co Premio Fernández Latorre inclúe nomes tan ilustres como Carlos Casares, Manuel Rivas, Filgueira Valverde ou Ramón Villares, entre outros.

O acto de entrega do galardón, organizado pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, converteuse nun dos actos de máis prestixio en España, presidido cada ano por destacadas personalidades como o Rei, o Príncipe de Asturias, o presidente do Goberno e a presidenta do Congreso, entre outros.*

E nos noventa, ofreceunos unha pequena xoia do relato curto, *Arraianos* (1991), que foi premio Losada Diéguez dese ano, e unha novela de longo alento, *No ventre do silencio* (1999), na que se mesturan os planos real e fantástico, personaxes históricos con outros de ficción, e na que reaparecen os temas recorrentes na narrativa de Méndez Ferrín.


O seu estilo é inconfundible: sobre a base dunha linguaxe variada e rica, ás veces sinxela, outras barroca, a expresión e a tonalidade pasan do lirismo á épica narrativa con suma facilidade, convertendose ambas en dúas bases fundamentais da súa forma de narrar.



En 1982 con este libro Méndez Ferrín retoma a temática artúrica


2.2. Carlos Casares

Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) empezou os seus estudos no Seminario de Ourense e, ao saír, rematou o bacharelato no instituto da cidade. Xa de mozo participaba nas tertulias de intelectuais galeguistas, como Vicente Risco, en Ourense, e Ramón Piñeiro, en Santiago, durante os seus estudos de Filosofía e Letras. Os dous pensadores deixarían unha fonda influencia en Casares, na forma de entender Galicia e a cultura galega.



Casares foi unha das persoas máis influíntes da cultura galega dos últimos 25 anos. Foto: Eduardo

Unha vez terminada a carreira, foi profesor de Literatura no ensino medio, académico da RAG, deputado no primeiro Parlamento galego, presidente do Consello da Cultura Galega, director da editorial Galaxia e da revista *Grial*. É dicir, unha das persoas con máis presenza e influencia na cultura galega ao longo dos últimos vinte e cinco anos. As súas colaboracións diarias na prensa tamén axudaron á normalización da lingua galega entre os moitos lectores que tiña. A súa morte prematura e inesperada deixou un profundo oco no mundo da cultura, e en especial, no campo literario.




Carlos Casares contribuíu á normalización da lingua entre os moitos lectores que tiña na prensa

Obra Narrativa

A obra narrativa de Carlos Casares –tamén é autor de ensaios e traballos lingüísticos e literarios– permítenos falar de dúas etapas ben diferenciadas:

Unha primeira, marcada por obras de carácter autobiográfico, que aluden á nenez e á mocidade do autor e que permiten ao lector a recreación dunha sociedade e un mundo xa superado, pero moi condicionante do futuro. A esta época




Este libro enmárcase na súa primeira etapa, que se caracterizou por obras de carácter autobiográfico

pertencerán obras como *Vento ferido* (1967) –un libro composto de doce relatos–, *Cambio en tres* (1969) –novela narrada pola voz dun emigrante– e *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), novela que reconstrúe a vida, ansias e ilusións dunha xeración de posguerra, a do propio autor. Son obras nas que Casares, do mesmo xeito que os escritores da Nova Narrativa Galega, á que pertence, utiliza unha gran variedade de técnicas, cuxo emprego era normal entre todos os novelistas da súa xeración.

A segunda etapa empezaría con *Os escuros soños de Clío* (1979), un conxunto de doce

relatos breves en que o mundo relatado se anchea e enriquece con personaxes e situacións reais e imaxinarias. Séguenlle *Ilustrísima* (1980), unha novela curta que é un canto á tolerancia e ao sentido común; *Os mortos daquel verán* (1987), novela estruturada ao redor de sete informes procesuais que pretenden aclarar a morte dun farmacéutico a principios da Guerra Civil, e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), a súa última novela, na que se reflexiona sobre o papel na sociedade e ante o poder que debe adoptar o intelectual.

Deus sentado nun sillón azul foi a súa última novela



O estilo de Casares, especialmente o da segunda etapa narrativa, era espontáneo, sinxelo, cunha gran influencia do relato oral, en que era un verdadeiro mestre. A lingua que utilizaba era a popular, cos indispensables retoques normativos, o que a facía moito máis familiar e comprensible para o lector.

A súa temática está sempre próxima aos problemas sociais que detecta ao seu redor e sempre tratados cunha gran sensibilidade e profundo humanismo.



A Deputación da Coruña concede desde 1989 o Premio Torrente Ballester de narrativa

PROMOCIÓN DOS SETENTA 3

Hai unha serie de excelentes narradores galegos que comezan a publicar nesta década, confirmando dalgún xeito as boas sensacións que se estaban percibindo na narrativa publicada nos anos anteriores, e abrindo, á súa vez, expectativas que haberán de ratificar os da promoción seguinte.

Na relación deses narradores dos anos setenta, podemos distinguir, á súa vez, entre os nados na década dos corenta e na dos cincuenta. Algunhas diferenzas xeracionais, temáticas e ata formais –un maior interese polas novidades técnicas, nos da primeira– nótanse nas súas obras. **Da década dos corenta son:**

3.1. Xosé Fernández Ferreiro

Procedente do mundo poético e do xornalismo, Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, Ourense, 1931) foi un dos fundadores do grupo Brais Pinto, e é quen trata por primeira vez na literatura galega o tema do oeste americano (*A morte de Frank González*, 1975), e quen noveliza a oposición popular contra a salvaxe construción de encoros que arrasaban aldeas enteiras (*Morrer en Castrelo de Miño*, 1978). A súa curiosidade narrativa achegouno á novela de ciencia-ficción (*Reportaxe cósmico*, 1982), a esculcar en torno ao mito de Brigitte Bardot (*Corrupción e morte de Brigitte Bardot*, 1981) e á novela psicolóxica (*A fraga dos paxaros salvaxes*, 1985). Autor prolífico onde os haxa, fixo incursións tamén no relato curto. As súas últimas novelas son *O minotauro* (1989) e *Agosto do 36* (1991), que foi Premio Xerais de novela nese ano, e *A cidade das chuvias* (1994).



Dous anos despois de publicar *O minotauro*, Fernández Ferreiro gañou o Premio Xerais con *Agosto do 36*



María Xosé Queizán deuse a coñecer na narrativa con *A orella nun buraco*. Foto: Kopa

3.2. María Xosé Queizán

Profesora e escritora de xéneros moi diversos, María Xosé Queizán (Vigo, 1939) deuse a coñecer no eido da narrativa coa novela *A orella nun buraco* (1965), con novidades técnicas rechamantes. Decididamente implicada na loita pola liberación da muller, publicará diversos ensaios sobre esta temática (*A muller en Galicia*, 1977 e *Recuperemos as mans*, 1980), e dúas novelas: unha de clara ideoloxía feminista, *Amantia* (1984), e a outra, *A semellanza* (1988), é unha incursión no tema da homosexualidade. Os seus últimos títulos son *Amor de tango* (1992), *O solpor da cupletista* (1995) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000).

3.3. Paco Martín

Narrador cun grande interese polas novas modalidades e técnicas narrativas, Paco Martín (Lugo, 1940) é autor de *No cadeixo* (1976), *E agora cun ceo de lama* (1981), de varios libros de relatos e de narracións xuvenís: con *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil dese ano.


Helena Villar Janeiro. Foto Santos-Díez (Arquivo: AELG)

3.4. Helena Villar Janeiro

Poeta, articulista e narradora, Villar Janeiro (Becerreá, 1940) escribiu neste terreo, conxuntamente co seu marido, Xesús Rábade Paredes, a novela *Morrer en Vilaquinte* (1980).

3.5. Úrsula Heinze

Alemana fincada en Galicia, Úrsula Heinze (Colonia, 1941) publicou a súa primeira novela, *O soño perdido*, en 1982. Con *Culpable de asasinato* gañou o Premio Blanco Amor, na súa edición de 1994. É tamén autora de relatos e

de narracións xuvenís, así como fundadora do Pen Clube Galego.

3.6. Martínez Oca

Martínez Oca (A Estrada, 1942) publica a súa primeira novela, *A fuxida*, en 1980, e en 1983 gaña o Premio Blanco Amor con *Beiramar*, a súa obra máis coñecida. É tamén autor de relatos curtos, como *A espada na auga* (1981) e *Náufragos en terra* (1995).

3.7. Marina Mayoral

Marina Mayoral escribe tanto en galego como en castelán. Foto: Juan Lázaro




Profesora e escritora, con vida asentada en Madrid –é profesora de Literatura na Universidade Complutense– Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) escribe en galego e castelán. A súa prolífica obra narrativa atópase case na mesma proporción escrita en ambas as dúas linguas. En galego podemos destacar: *O reloxio da torre* (1988), *Unha árbore, un adeus* (1988), *Chamábase Luís* (1989, Premio Losada Diéguez), *Tristes armas* (1994) e o libro de relatos *Querida amiga* (1995). A pesar de

non vivir en Galicia, a voz de Marina Mayoral está moi presente na súa terra a través das colaboracións xornalísticas en diarios nacionais e galegos. O seu estilo sinxelo é o idóneo para sondar os recunchos interiores dos personaxes e as súas sutilezas de sensibilidade e sentimento.

3.8. Lois Diéguez

Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) aparece no panorama da narrativa galega en 1968, coa súa novela *A torre de Babel*. En 1986 será galardoado co Premio Blanco Amor, pola súa novela *A canción do vagamundo*. É tamén un poeta recoñecido pola súa extensa e valiosa obra publicada.



Lois Diéguez gañou o Premio Blanco Amor en 1986. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)



Conde é un dos novelistas galegos más premiados. Foto: Carmela Queijero

3.9. Alfredo Conde

Alfredo Conde (Allariz, 1945) é un dos novelistas galegos con máis recoñecementos públicos no terreo literario. Desde que publica *Breixo* (1981), é recibido como un aportador de novo coñecemento á narrativa galega, en pleno intento de arranque e despegamento. Aparece novamente ao ano seguinte con *Memoria de Noa*, que segue alimentando esas expectativas. Será con *Xa vai o griffón non vento* (1984), coa que obtivo o Premio Blanco Amor e o Nacional de Literatura, cando o seu nome se fai un oco de privilexio entre a nómina de narradores galegos e españois. Estas tres novelas

coinciden en ser unha profunda reflexión sobre a liberdade humana e sobre os riscos de perda de identidade aos que está exposto o home, engulido pola sociedade na que se desenvolve. Na década dos noventa publicou *Música sacra* (1990) e *A casa de Adara* (1996), dous libros de relatos, e as novelas *Sempre me matan* (1995), *O fácil que é matar* (1998) e *Azul cobalto* (2001). Tamén publicou algunha novela en castelán, chegando a gañar o Premio Nadal con *Los otros días* (1991).




Vázquez Pintor ten o premio da Crítica e o Torrente Ballester. Foto: Alfredo V.F. (Arquivo AELG)

3.10. Xosé Vázquez Pintor

Poeta, ensaísta e novelista, Vázquez Pintor (Melide, 1946) obtivo con *A memoria do boi* (2000) o Premio de Narrativa Torrente Ballester e o Premio da Crítica de narrativa galega do ano seguinte.


3.11. Xabier Alcalá

Nacido nun pobo de Cidade Real (por certo, citado por Cervantes no *Quijote*), Xabier Alcalá



Alcalá deuse a coñecer con *A nosa cinza*. Foto: Carmela Queijeiro

(Miguelturra, 1947) vive a súa adolescencia en Ferrol e intégrase de inmediato no movemento galeguista tendente a recuperar a lingua e a cultura de Galicia. Empeza a publicar moi tempranamente (*Voltar. Seis personaxes e un fado*, 1972), e uns anos máis tarde gaña un dos premios do concurso Modesto Figueiredo, cun relato curto titulado *A fundición*. A obra que o vai dar a coñecer é *A nosa cinza* (1980), unha novela de iniciación, que recolle os seus anos mozos en Ferrol. Ese mesmo ano gaña con *Fábula* o premio Cidade da Coruña. Seguiranlle novelas de variada temática (*Tertulia*, 1985), entre as que destacan unha serie que ten como marco as terras do continente americano, en concreto, *A Arxentina: Nos pagos de Huínca Loo* (1982), *Cárcere verde* (1990), *Latitude Austral* (1991), *Contos das Américas* (1992), *Alén da desventura* (1998) e *Habana Flash* (2000).




Carlos G. Reigosa gañou o Premio Fernández Latorre no 2003. Foto: Xoán A. Soler

3.12. Carlos G. Reigosa

En 1982, Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) publica un libro de relatos centrados no mundo rural, *Homes de tras da corda*, co que irrompe na literatura galega, a pesar de vivir en Madrid, exercendo a súa profesión de xornalista. *Con crime en Compostela* (1984) gaña o Premio Chitón. Logo, publica *Irmán de Artur* (1986), un conxunto de relatos na liña da literatura artúrica. Coas *pucharcas da lembranza* (1986) volve aos escenarios do seu primeiro libro, para iniciar unha serie do xénero negro, cuxo primeiro título é *Crime en*


Compostela (1984), á que seguirán *O misterio do barco perdido*, *A guerra do tabaco* (1996) e *Narcos* (2000). *Intramundi* (2002) e *Pepa a Loba* (2006) son as súas seguintes achegas ao terreo novelístico, xuntamente con *A vida do outro*, novela gañadora do Premio de Narrativa Torrente Ballester do 2008. Este escritor ten unha inxente obra xornalística, por razóns de profesión, pero tamén de afección ao relato e á reportaxe. Deste xénero conservou a súa sinxeleza estilística e a súa precisión narrativa.



Crime en Compostela gañou en 2004 o Premio Xerais de novela

3.13. Xesús Rábade Paredes

Poeta moi recoñecido e galardoado, Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) é tamén un excelente narrador, como o demostra a excelente novela histórica que publicou en 1991, *Branca de Loboso,* e a non menos lograda *Como levar un morto.* No ano 2006 foi galardoado co Premio Blanco Amor pola súa novela *Mentres a herba medra* (2007). É membro fundador do Pen Clube de Galicia e realizou estudios críticos sobre Rosalía, Pondal, Cunqueiro, Blanco Amor ou Neira Vilas.



Ademais de ser un gran poeta, Rábade é tamén un excelente narrador. Foto: Santos - Díez (Arquivo AELG)

Nacidos na década dos cincuenta atopamos unha serie de narradores que irromperán con forza no panorama narrativo sendo aínda moi novos. Comparten cos da década anterior o peso da narrativa galega contemporánea. Entre eles hai que destacar a:




Freixanes ten unha importantísima obra xornalística. Foto: Óscar Vázquez

3.14. Víctor Fernández Freixanes

Profesor, primeiro, de ensino medio; hoxe, de universidade; tamén xornalista e editor, Víctor Fernández Freixanes (Pontevedra, 1951) vén desenvolvendo desde hai anos un intenso e importante labor no mundo da literatura. A súa

obra xornalística, con reflexións e análises serias sobre distintos aspectos da vida política, cultural e social de Galicia, achégalle unha dimensión de peso e influencia, á vez que de prestixio, entre a sociedade galega. Foi o gañador do prestixioso premio novelístico Blanco Amor na súa segunda edición, 1982, cunha excelente novela, *O triángulo inscrito na circunferencia*, que tivo unha grande acollida entre a crítica e que foi moi ben recibida polo público. Uns e outros viron na novela un intento acertado de innovación, e a confirmación da lingua galega como instrumento válido para afrontar narrativamente calquera tipo de temática con variados rexistros lingüísticos.

O triángulo escrito na circunferencia foi premio Blanco Amor en 1982



A súa segunda novela, *O enxoval da noiva* (1988), traducida ao castelán polo propio autor co título de *El ajuar de la novia*, céntrase na Roma renacentista dos Borgia e segue mantendo o forte acento narrativo da primeira. Acento e estilo xa inconfundibles dentro da narrativa galega, confirmado coa súa última novela, *A cidade dos Césares*, gañadora do Premio Torrente Ballester, que convoca a Deputación de A Coruña, no ano 1992.

3.15. ANXO REI BALLESTEROS

Cunha novela moi persoal, *Dos anxos e dos mortos* (1977), Rei Ballesteros (Boqueixón, 1952-Vigo, 2008) achega unha linguaxe distinta e o uso dunha serie de técnicas narrativas moi interesantes. *Loaira* (1991) é outra novela tamén centrada na vida de Santiago, con novidades técnicas ben manexadas, e de trama policiaca. Tamén é autor de relatos moi orixinais, como os recolleitos no libro *A sombra dos teus soños* (1998).



Xohán Cabana comezou no mundo da poesía. Foto: Arquivo AELG

3.16. DARÍO XOHÁN CABANA

Xohán Cabana (Roás, Lugo, 1952) empezou escribindo case exclusivamente poesía e, desde 1984, dedicouse con intensidade á tradución ao galego de poetas italianos. A súa versión da *Divina comedia* foi recoñecida en Galicia co Premio Otero Pedrayo.

A súa primeira novela foi *Galván en Saor* (1989), que tivo un gran recoñecemento entre a crítica e, sobre todo, entre o público. De carác-


ter fantástico, recrea o mito artúrico e o seu mundo cabaleiresco combinado coa nosa realidade contemporánea. Seguíronlle *Fortunato de Trasmundi* (1990), na que o autor, entre bromas e beiras, entre ironías e desenfados, fai unha reflexión sobre Galicia e os galegos; *Cándido branco e o Cabaleiro negro* (1992), que foi finalista do Premio Torrente Ballester; *O cervo na torre* (1994, premiada co Xerais de novela) e *Morte de rei* (1996), na que volve ao mundo histórico, século XI, ao recrear a vida de don García e reflexionar sobre o que podería ser unha Galicia independente.

3.17. Suso de Toro

Escritor polifacético –narrativa, teatro, ensaio, guionista, colaborador en prensa e radio–, é na novela onde Suso de Toro (Santiago, 1956) alcanzou maior importancia. Os títulos máis notables das publicadas ata agora son: *Caixón de xastre* (1983), *Polaroid* (1986), *Land-Rover* (1988), *Ambulancia* (1990), *Tic-Tac* (1993), *A sombra cazadora* (1994), *Calzados Lola* (Premio Blanco Amor, 1997), *Non volvas* (Premio da Crítica Española á mellor novela en galego,



Suso de Toro recolle na súa obra os cambios da sociedade galega. Foto: Miguel Villar



Polaroid foi reconecida co Premio da Crítica de Galicia

2000), *Trece badaladas* (Premio Nacional de Narrativa, 2002) e *Home sen nome* (2006).

Ten o mérito de iniciar, practicamente sen precedentes literarios válidos, un tipo de literatura que dá testemuño dos cambios profundos que se foron producindo na sociedade galega desde os anos sesenta. Cunha linguaxe máis preto da realidade tratada que do purismo académico e literario –o que el mesmo chamou «chatarra lingüística e figurativa»– logra plasmar a realidade destes tempos convulsos e disparatados cun estilo e linguaxe apropiada.




Manuel Rivas é un dos autores máis recoñecidos da literatura galega actual. Foto: Óscar Vázquez

3.18. Manuel Rivas

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) empezou a súa traxectoria literaria no campo poético e no mundo xornalístico, onde as súas reportaxes e artigos chamaron a atención polo sobrepeso de literatura que había que engadir ao seu carácter crítico e o seu sentido irónico. As súas primeiras novelas, con todo, pasaron sen demasiado recoñecemento: *Todo ben* (1985) e *Os comedores de patacas* (1991). Pero un ano antes publicara un libro de relatos, *Un millón de vacas* (1990), que

non pasara desapercibido. Revelaba unha mestría e un dominio do relato curto que sorprendía naquel contexto da narrativa galega e que o fixo merecedor do Premio da Crítica española ao mellor libro narrativo en galego. Nesta liña, será o seu libro de contos *¿Que me queres, amor?* o que catapulte a Manuel Rivas a lugares de privilexio entre os narradores máis significativos de España, pois o libro, logo de gañar o Premio de Narrativa Torrente Ballester (1996), acada tamén o Premio Nacional de Narrativa dese mesmo ano. Esta obra inclúe o conto *A lingua das bolboretas,* que foi levado ao cine con gran acerto por José Luis Cuerda, con moi boa acollida por parte do público.

Con este libro Rivas obtivo o Premio Torrente Ballester e o Nacional de Narrativa



Alternando o relato curto coa novela, Rivas foise mantendo nese nivel alcanzado e que o sitúa hoxe como o narrador galego máis coñecido fóra de Galicia. Moi boa acollida tiveron os seus libros de relatos *Ela, maldita alma* (1999) e *As chamadas perdidas* (2002), así como as súas novelas *O lapis do carpinteiro* (1999, a que o consolida entre os primeiros narradores: unha historia de amor na época da



Manuel Rivas comezou a súa traxectoria literaria no campo poético e no mundo xornalístico. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)


Guerra Civil; será tamén levada ao cine por Antón Reixa), *En salvaxe compañía* (reeditada en 2004, corrixida polo autor) e a recente *Os libros arden mal* (2006). Neste ano publicou tamén unha obra de teatro, *O héroe*, e con anterioridade, unha serie de recompilacións de reportaxes e artigos xornalísticos de grande éxito entre o público e ata nas Facultades de Ciencias da Información. Volumes como *El periodismo es un cuento* (1998), *Toxos e flores* (1992), *Galicia, bonsái atlántico* (1994) e *Un espía en el reino de Galicia* (2004) representan unha mostra da gran calidade literaria que atesouran os artigos xornalísticos de Manuel Rivas.

A obra de Manuel Rivas triúnfa no cine

→Manuel Rivas Barrós (A Coruña, 1957) é un escritor, poeta, ensaísta e xornalista cuxa obra se desenvolve fundamentalmente en lingua galega, aínda que tamén escribe artigos en castelán para o diario *El País*.

Das súas obras, dúas foron levadas ó cine como longametraxes cun grande éxito de audiencia: *A lingua das bolboretas*, dirixida por José Luis Cuerda e interpretada por Fernando Fernán Gómez, Manuel Lozano, Uxía Blanco e Gonzalo Martín Uriarte, e *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa e con Tristán Ulloa, Luís Tosar, María Adánez e Nancho Novo no reparto.

A primeira delas baséase en tres relatos do libro *¿Que me queres, amor?*, aínda que o que serve como base de toda a película é *A lingua das bolboretas*, dentro do que se insiren os outros tres relatos, cuxo nexo de unión será Moncho, protagonista da cinta. A trama mostra a vida escolar na Galicia do ano 1936.



A lingua das bolboretas foi levada ao cine por José Luis Cuerda

Moncho empeza a escola, pero ten medo: escoitou dicir que os profesores pegan e maltratan aos nenos. Sen embargo, atópase cun mestre simpatizante de ideas liberais e republicanas que vai ser vítima dos terribles acontecementos da época, en concreto do triunfo da sublevación fascista nese pequeno pobo galego.

A cinta converteuse nunha das películas españolas de maior éxito no ano 2000, igualmente aplaudida pola crítica, así como en cantos festivais foi presentada e en cantos países se estreou. *A lingua das bolboretas* sitúase na Guerra Civil española transcendendo a unha historia de contido universal: a amizade e a traizón, o medo, o amor, o afán de vinganza e o descubrimento da vida.


O éxito da película debeuse igualmente á moi sensible composición que fixo Fernando Fernán-Gómez do mestre republicano. Impregnou de verosimilitude e

humanidade o vello soñador, tan coherente, honesto e fráxil, herdeiro probable do espírito da Institución Libre de Ensino.

Pola súa parte, *O lapis do carpinteiro* conta a historia de Herbal, un carcereiro franquista que vive de cerca a historia de amor entre o médico republicano Daniel da Barca e Marisa Mallo, a moza de este. Obtivo o galardón ao mellor actor e premio do público na XIX edición do Festival Internacional de Cine de Mar del Plata e foi a película máis votada polo público no Festival Cinespaña de Toulouse no ano 2004.✱



O lapis do carpinteiro obtivo o premio do público no festival de Mar del Plata



Caneiro gañou todos os premios importantes no campo da novela. Foto: Eduardo

3.19. Xosé Carlos Caneiro

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) é o único narrador galego que gañou os premios máis recoñecidos no campo da novela: o Torrente Ballester, o Blanco Amor, o Xerais, o Eixo Atlántico, o Vicente Risco, o García Barros..., o que dá proba, entre outras cousas, de que a súa proliferación narradora non está rifada coa calidade literaria. O seu estilo poderoso e eminentemente literario, cimentado sobre unha prosa desbordante e musical, dota ás súas novelas de atractivo e personalidade. Publicou unha pentaloxía inxente, desbordante de imaxinación, linguaxe e literatura, que se move nuns parámetros moi persoais e un mundo propio e singular. A reivindica-

ción do amor, da liberdade, dos soños, e o rexeitamento do frívolo, o vacuo e os falsos valores humanos son os eixos sobre os que xira este mundo literario. Cos lóxicos altibaixos, as cinco novelas forman un conxunto moi difícil de superar na narrativa contemporánea. Os títulos das mesmas son: *O infortunio da soidade* (1992), *Un xogo de apócrifos* (1997), *Tal vez melancolía* (1999), *Os séculos da lúa* (1999) e *Ébora* (2000). Ademais, publicou outras obras, como *La rosa de Borges* (2000), e unha considerable produción poética e xornalística. Tamén escribiu *Ámote* (2003), *A vida nova de Madame Bovary* (2008), *Blue moon* (2009) e *Un último destino* (2010).

Desta mesma xeración, e das posteriores, atopamos nomes xa significativos na narrativa galega. Uns ben coñecidos, outros iniciando a súa traxectoria, todos colaboran en facer realidade un dos momentos máis ricos e interesantes de toda a historia da literatura galega. Aí van, pois, algúns destes nomes que merecen un tratamento moito máis profundo e individualizado, imposible de levar a cabo nun tratado xeneralista e divulgador como este: Daniel Cortezón (veterano narrador, é o gañador do Primeiro Certame do Premio Blanco Amor, 1981), Xoán Manuel Casado, Antón Risco, Xosé Miranda, Xelís de Toro, Tucho Calvo, Manuel Riveiro Loureiro, Antón Riveiro Coello, Xurxo Borrazás, Margarita

Ledo Andión, Xabier Manteiga, Fran Alonso, Aníbal C. Malvar, Lois Xosé Pereira, Bieito Iglesias, Anxo Angueira, Afonso Álvarez Cáccamo, Miguel Suárez Abel, Ramón Caride, Marilar Aleixandre, Alfonso Pexegueiro, Gonzalo Navaza, Pilar Pallarés, Francisco Fernández Naval, Manuel Seixas, Manuel Guede, Xosé Cid Cabido, Xosé Ramón Pena, Xavier Queipo, Román Raña, Ramiro Fonte, Teresa Moure, Ramón Loureiro, Xosé Monteagudo, Xesús Constela Doce, Francisco Castro, Manuel Veiga, Santiago Jaureguízar, Bieito Iglesias, Diego Ameixeiras Novelle, Rexina Rodríguez Vega, Manuel Lourenzo, Rosa Aneiros, Ánxeles Alfaya, Francisco Castro Veloso, Xosé Manuel Villanueva Prieto, Inma López Silva, Luís Rei Núñez, Manuel Veiga Giménez, Miguel Anxo Murado, Xosé Manuel Pacho Blanco...



Tucho Calvo é o director literario de Biblos, Clube de Lectores. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)

O RELATO CURTO 4

Na literatura galega sempre houbo moi bos narradores no xénero do conto ou relato curto. É a modalidade que mellor reflicte esa tendencia ao relato oral, innata no galego, que por razóns xeográficas e sociolóxicas, sempre atopou na narración oral o seu mellor medio de comunicación, e ata de relación, cos demais. Os escritores da Época Nós son todo un exemplo do nivel alcanzado neste xénero literario, mal considerado menor. Modernamente, e como exemplo da vitalidade deste uso narrativo, podemos citar algunhas obras que se publican ao redor dos anos noventa, e que asentan ao relato curto dentro dun nivel de alta calidade. Referímonos a: *Nova crónica das Indias* (1989), de Antón Avilés de

Taramancos; *Desatinos dun maldito* (1991), de Afonso Pexegueiro; *Microtopofanías* (1992), de Xosé María Álvarez Cáccamo; *O soño dirixido* (1992), de Vítor Vaqueiro, e *Estación marítima* (1996), de González Tosar. Todos eles son escritores recoñecidos no campo da poesía e a súa achega ao xénero do relato breve foi moi importante: non só o enriqueceron formal e estilisticamente, senón que axudaron á súa renovación temática e técnica. A estes vánselles sumar unha serie de escritores que se inician na narración, tales como Carmen Panero, Xaquín del Valle-Inclán, Xosefa Goldar, Claudio Rodríguez Fer, Alberto Avendaño, Antón Reixa, Bieito Iglesias, Xerardo Méndez, Camilo Franco, Constela Doce (gañador do Premio Torrente Ballester do 2003 cun libro de relatos, *As humanas proporcións*, igual que sucedeu con Manuel Rivas en 1995, con *¿Que me queres amor?*).




Constela Doce gañou o Torrente Ballester en 2003 cun libro de relatos. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)

NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL 5

Esta modalidade narrativa tardou moito en iniciarse na literatura galega e máis aínda en afianzarse. Será nos anos sesenta cando aparezan as primeiras obras dedicadas ao público infantil e xuvenil, en concreto cando a Asociación Cultural O Facho convoca un concurso de contos infantís. Carlos Casares gañou esa primeira edición co conto *A galiña azul*. Despois incorpóranse ao relato infantil escritores consagrados como Xosé Neira Vilas (*Cartas a Lelo*, *O cabaliño de buxo*, *Espantallo amigo*) e Bernardino Graña (*O león* e o *paxaro rebelde*).

Así bota a andar esta modalidade narrativa, que se verá apoiada polo desenvolvemento

autonómico de Galicia e a implantación do galego na escola, coa demanda lectora consecuente. A década dos noventa é o momento de máis brillantez, cunha nómina de grandes narradores, acaparadores de importantes premios, con obras que son traducidas inmediatamente a outras linguas. Por exemplo, contamos con Premios Nacionais de Literatura Infantil: Paco Martín, por *Das cousas de Ramón Lamote* (1984); Xabier Puente Docampo, por *Cando petan na porta pola noite* (1994); Fina Casalderrey, por *O misterio dos fillos de Lúa* (1996); con Premios Lazarillo: Agustín Fernández Paz, por *Contos por palabras* (1990); Marilar



Neira Vilas é autor tamén de relatos de literatura infantil. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)



Fina Casalderrey foi recoñecida co Premio Nacional de Literatura Infantil por *O misterio dos fillos da lúa*. Foto: Arquivo AELG

Aleixandre, por *A banda sen futuro* (1999); Gloria Sánchez, por *Cándida Vilacruces* (2000). E, sobre todo, contamos cunha nómina moi ampla e de calidade, que está ofrecendo excelentes obras literarias. Ante a imposibilidade de citalos a todos, sirvan estes nomes como exemplo: Xosé Cermeño, Antón Cortizas, Ramón Caride, An Alfaya, Úrsula Heinze, María Victoria Moreno, Pepe Carballude, Xoán Babarro, Santiago Jaureguízar, Mar Guerra, etcétera.



A Deputación da Coruña convoca anualmente o Premio de Teatro Rafael Dieste

O TEATRO E O ENSAIO CONTEMPORÁNEO 6

6.1. O TEATRO GALEGO DESPOIS DA GUERRA CIVIL

Non será ata a década dos cincuenta cando aparezan as primeiras mostras dun teatro que tivera antes da Guerra Civil uns notables representantes e unha calidade considerable, como correspondía a autores como Cunqueiro, Blanco Amor, Carballo Calero, Ánxel Fole ou as irmás Pura e Doura Vázquez.

Na década dos cincuenta empeza, de forma lenta e da man de autores veteranos, como Ramón González Alegre e Xenaro Mariñas del Valle (publicou a súa primeira obra, *A serpe*, en 1952).

Posteriormente, irán aparecendo autores xa coñecidos noutros xéneros literarios, como Daniel Cortezón (na novela), Manuel María, Xohana Torres, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova e Franco Grande (na poesía).

Pero será na década dos setenta cando o teatro galego inicie xa un camiño cara ao despegamento e a normalización. Moito tiveron que ver niso as Mostras de Teatro de Ribadavia, que se inician no ano 1973, que servirán para levar o interese polo teatro ao mundo universitario e ao popular, simultaneamente. A partir deste momento podemos falar do nacemento dunha nova promoción de dramaturgos:

Manuel Lourenzo

Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) é o home que serve de enlace entre a promoción dos anos cincuenta e os novos autores. Autor de total vocación e dedicación, é o fundador do grupo teatral O Facho (1965) e do Teatro Circo de Artesáns (1967). Deste último nacerá un centro de estudos e de experimentación que adoptou o nome de Cadernos da Escola Dramática Galega, que

Manuel Lourenzo fundou o grupo O Facho. Foto: Paco Rodríguez



foi a encargada de editar os *Cadernos da Escola Dramática Galega,* hoxe de extraordinaria importancia para investigar o teatro contemporáneo galego. Estes *Cadernos* estaban dirixidos por Francisco Pillado Mayor.

Manuel Lourenzo ocupouse da dirección teatral, pero tamén da creación dramática, que resulta considerable. Como creador, sente un interese evidente polo mundo clásico, pola mitoloxía grega e por temas históricos, como se pode deducir dalgúns dos seus títulos: *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forca* (Premio Abrente 1978), *Todos os fillos de Galaad* (1981) ou *Erros e ferros de Pedro Madruga.*

Euloxio Ruibal

Ruibal (Ordes, 1945) é un dos autores que se dan a coñecer nas Mostras de Ribadavia, ao gañar o primeiro certame coa súa obra *Zardigot* (premio compartido «ex aequo» coa obra de Manuel María *O meu mundo non é deste reino*). Pero Ruibal estaba dedicado ao teatro desde moito antes, vinculado ao de Cámara Ditea e ao grupo, que el mesmo fundou, Grupo Teatral Obradoiro. Posteriormente, gañaría o Premio Álvaro Cunqueiro coa súa obra *Azos de esguello* (1989).

Roberto Vidal Bolaño

Vidal Bolaño (Santiago, 1950-Santiago, 2002) tamén é gañador dunha edición das Mostras, a de 1976, coa obra *Laudamuco, señor de ningures*. Así mesmo, obtivo o Premio Álvaro Cunqueiro en 1991 pola súa obra *Saxo tenor*. Ao ano seguinte foi galardoado co Premio Rafael Dieste por *Días sen gloria*. Ademais de creador de numerosos textos teatrais, Roberto Vidal Bolaño era director e actor, por todo o cal se converteu nunha figura fundamental no teatro galego de hoxe.

As Mostras de Teatro de Ribadavia iniciadas en 1973 serviron para relanzar o teatro



Destas representacións teatrais de Ribadavia, saíron como estamos vendo, autores moi importantes para a consolidación do teatro contemporáneo. A lista non remata nos citados, senón que debe seguir con:

Domínguez Quiroga, Ánxeles Penas, Manuel Guede Oliva (que habería de ser director do Centro Dramático Galego), Camilo Valdeorras (pseudónimo de Xosé Camilo Fernández González), Agustín Magán, Xoán Guisán Seixas, Xosé Cermeño, Roberto Salgueiro, Lino Braxe, Antón Cortizas, Marica Campo, Cándido

Pazó, Vicente Montoto, Gustavo Pernas, Agrelo Hermo, Millán Picouto, Francisco Taxes, Raúl Dans, Miguel Anxo Murado, Xavier Lama, Quico Cadaval, Teodoro Piñeiro, etcétera.

Non hai que esquecerse da achega que fan ao teatro escritores coñecidos noutros xéneros literarios, como Méndez Ferrín, Anxo Rei Ballesteros, Cid Cabido, Miguel Anxo Fernán Vello, Luisa Villalta...



Lino Braxe é un dos autores máis consolidados do actual teatro galego. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)


6.2. O ENSAIO

Actualmente o ensaio non ten unha gran vixencia nas letras galegas. Segue, pois, a tendencia ao escaso cultivo deste xénero, cuxa primeira plataforma son as páxinas dos xornais. Con todo, hai uns campos de interese na vida galega nos que o ensaio manou con certa abundancia, como son o histórico, o económico, o lingüístico e o antropolóxico.

Dentro do terreo histórico atopamos algúns autores como Ramón Máiz (*A idea de nación*, 1995), Xusto G. Beramendi (*O galeguismo políti-*

co 1840-1936, 1995 e *De provincia a nación: historia do galeguismo político*, Premio Nacional de Ensayo 2008), Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ramón Villares, Roberto Blanco Valdés ou Xosé Luís Barreiro Rivas.

No mundo da economía, atopamos estudos moi rigorosos, sobre todo por mor da entrada de España na CEE e o impacto que iso provoca na economía galega. Autores reseñables neste campo son Camilo Nogueira, Xosé Manuel Beiras, Xan Facal, M. Carmen García Negro, Xoaquín Álvarez...



Camilo Nogueira é autor de *Europa, o continente pensado*. Foto: Santos-Díez (Arquivo AELG)

Máis prolífico é o campo da lingüística, nunha situación autonómica de bilingüismo e diglosia. Xa queda apuntado noutro capítulo deste libro o labor de Carballo Calero e Xesús Alonso Montero, aos que habería que engadir os nomes de Francisco Rodríguez, Pilar García Negro ou Xesús Ferro Ruibal, entre outros. Andrés Torres Queiruga e Xosé Chao Rego poden ser os representantes dun grupo de ensaístas no campo teolóxico e antropolóxico.

A AELG, trinta anos de literatura

→ A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) é a entidade oficial que reúne a máis de 380 escritores e escritoras da literatura galega en todas as súas manifestacións: poesía, narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, traducións...


A asociación agrúpana a autores e autoras residentes tanto en Galicia coma fóra, asumindo como único requisito de afiliación a condición de contar cando menos cun libro individual publicado en galego. Fundada en 1980 por algúns dos escritores máis sobranceiros da nosa literatura, dela foron membros Cunqueiro, Dieste, Fole, Carballo Calero, Novoneyra, Avilés de Taramancos, Xela Arias e Villalta, entre outros.

O grupo traballa a prol da dignificación do oficio de escritor, así como da promoción dos autores e das súas obras, do fomento da interconexión entre eles proporcionando foros para o debate das ideas cunha perspectiva monográfica, mais tamén transversal.

A AELG realiza unha serie de encontros anuais que forman parte da súa tradición, como é a homenaxe «O escritor na súa terra», dedicada a eloxiar a traxectoria dun autor das nosas letras e na cal se planta unha árbore, se erixe unha pedra escultórica e se lle dedica unha rúa ou praza na súa terra natal. Así mesmo, a asociación outorga o Premio AELG á mellor obra literaria do ano e organiza congresos, xornadas e actividades varias, colaborando, ademais, en iniciativas afíns organizadas por outras entidades e institucións.

A AELG forma parte, xunto coa Asociación de Escritores en Euskera e a Asociación de Escritores en Lingua Catalá, do lanzamento do Galeusca, un encontro anual de escritores e escritoras dos tres espazos literarios organizado de xeito rotativo polas tres asociacións promotoras.

Ademais, é un dos órganos instituídos pola Academia Sueca con competencia oficial para presentar candidaturas aos Premios Nobel e forma parte do European Writers' Congress.



A AELG organiza anualmente diversos encontros, congresos e xornadas para fomentar a interconexión dos escritores

PEN Clube de Galicia

O PEN Internacional é a única sociedade mundial de escritores. Reúne no seu seo a máis de quince mil autores e conta con 138 centros, en 98 países. O seu principal obxectivo é promover a cooperación intelectual e a tolerancia mutua entre os escritores para realzar o papel relevante da literatura como transmisora da memoria tanxible e intanxible dos pobos e defendela ante as vicisitudes da sociedade contemporánea. O PEN Clube de Galicia é a súa sección galega, composta por escritores en lingua galega, e entrega os premios Rosalía de Castro a autores en portugués, castelán, catalán e euskera. ✱




XACOBEO 2010
Galicia


XUNTA
DE GALICIA

